



PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 08/05/2018

4. Mocións	3
4.1 10/MOC-000085 (0030142)	3
(0030142) Entrada da iniciativa.....	4
(0030577) Emendas dos grupos parlamentarios	6
4.3 10/MOC-000087 (0030154)	11
(0030154) Entrada da iniciativa.....	12
(0030586) Emendas dos grupos parlamentarios	14
(0030610) Emendas dos grupos parlamentarios	16
5. Proposicións non de lei ante o pleno.....	19
5.1 10/PNP-001439 (0019450)	19
(0019450) Entrada da iniciativa.....	20
(0030605) Emendas dos Grupos Parlamentarios	25
5.2 10/PNP-001737 (0024025)	27
(0024025) Entrada da iniciativa.....	28
(0030575) Emendas dos Grupos Parlamentarios	30
(0030603) Emendas dos Grupos Parlamentarios	33
(0030614) Emendas dos Grupos Parlamentarios	35
(0030617) Emendas dos Grupos Parlamentarios	38
5.3 10/PNP-002092 (0028878)	40
(0028878) Entrada da iniciativa.....	41
(0030602) Emendas dos Grupos Parlamentarios	43
(0030609) Emendas dos Grupos Parlamentarios	45
5.4 10/PNP-002114 (0029120)	46
(0029120) Entrada da iniciativa.....	47
(0030572) Emendas dos Grupos Parlamentarios	50
(0030589) Emendas dos Grupos Parlamentarios	51
5.6 10/PNP-002161 (0029544)	53
(0029544) Entrada da iniciativa.....	54
(0030576) Emendas dos Grupos Parlamentarios	58
5.7 10/PNP-002167 (0029632)	60
(0029632) Entrada da iniciativa.....	61
(0030583) Emendas dos Grupos Parlamentarios	64
(0030606) Emendas dos Grupos Parlamentarios	66
(0030616) Emendas dos Grupos Parlamentarios	68
5.8 10/PNP-002197 (0029902)	70
(0029902) Entrada da iniciativa.....	71
(0030607) Emendas dos Grupos Parlamentarios	76
(0030611) Emendas dos Grupos Parlamentarios	80



4. MOCIÓN.

4.1 10/MOC-000085 (0030142)

Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto ambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 27754, publicada no BOPG n.º 280, do 21.03.2018 e debatida na sesión plenaria do 24.04.2018)



(0030142) Entrada da iniciativa


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 11:15
Nº Rexistro: 30142
Data envío: 27/04/2018 11:15:57.261



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción**, para substanciar a Interpelación, doc. núm. **27754**, sobre a política do Governo galego en relación co impacto medioambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras, que foi tratada na sesión plenaria do día 24 de abril de 2018. (10/INT-000896).

MOCIÓN

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Rectificar as súas políticas de tolerancia coa actividade contaminante de empresas mineiras e comprometerse a aplicar rigorosamente a lexislación exercendo as súa funcións de investigación, control e sanción das actividades irregulares nese ámbito.
- 2) Actuar con transparencia nas demandas de información nos proxectos mineiros e desterrar as prácticas de obstrucción denunciadas polos colectivos ambientalistas e reflectidas incluso en sentencias xudiciais.
- 3) Depurar responsabilidades políticas dentro do Governo galego polas políticas de descontrol ambiental e obstrucionismo na procura da transparencia neste ámbito.
- 4) Derrogar a Lei 5/2017 de Fomento de iniciativas empresariais.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 11:15
Nº Rexistro: 30142
Data envío: 27/04/2018 11:15:57.261



- 5) Rexeitar o proxecto mineiro de extracción de cobre, da empresa Atalaya
Minning, en Touro, por ser perigoso ambientalmente e para a saúde das
 persoas, e por ser insostible social, ambiental e economicamente.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 27/04/2018 11:14:03



PARLAMENTO DE GALICIA

(0030577) Emendas dos grupos parlamentarios

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Álvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto ambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras (10/MOC-000085, documento número 30142)

Emenda de modificación

Débese modificar o punto 5 da parte resolutiva da moción, que quedará redactado co seguinte contido:

“5) Que se teñan en consideración de forma estrita as seguintes consideracións á hora de emitir os preceptivos informes, que serán previamente enviados de novo ao concello e aos axentes económicos e sociais, sobre a explotación mineira *Cobre san Rafael S.L.* no concello de Touro.

5.1. Obrigación da eliminación da contaminación existente actualmente nas augas das canles que discorren polas proximidades da antiga canteira. Para iso será necesario realizar un estudio detallado da situación actual da calidade das augas das canles procedentes da antiga canteira ou as canles cuxas augas están actualmente contaminadas polas escorrentías da antiga canteira, determinando o seu grao de contaminación. Procederase ao deseño e execución de medidas preventivas e correctoras para reducir a contaminación que actualmente rexistran as canles que rodean a antiga explotación, ata alcanzar os niveis normativos. Deberanse aplicar medidas construtivas específicas de redución da contaminación (cantes perimetrais, balsas de decantación, balsas de descontaminación, etc.), así como medidas de control e seguimento da calidade das augas das canles actualmente afectadas polo antiga canteira durante o período de explotación e a longo mazo despois da súa clausura.



■ Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5.2. Estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas, existentes; incluíndo neste estudo as captacións para abastecemento e as de rega agrícola.

5.3. Antes do inicio de calquera actuación será necesario contar coa autorización de vertedura do órgano de conca Augas de Galicia, para o que deberá iniciarse a tramitación da mesma coa suficiente antelación.

5.4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no concello de Touro.

5.5. Incluír un cronograma temporal de execución ou programa de obras, que estableza a secuenciación dos traballos para realizar e identifique os puntos críticos desde o punto de vista ambiental; establecendo a secuencia dos traballos, de forma que se garanta que todas as medidas ambientais de prevención están executadas antes da realización das actuacións con potencial contaminador.

5.6. Incluír un proxecto de execución da restauración independente onde se inclúan todos os elementos detallados ao respecto no presente informe.

5.7. Incluír unha prospección intensiva do ámbito do Castro de Copo que determine o seu valor arqueolóxico, e estableza as medidas de protección e control sobre o mesmo, así como sobre outros elementos que poidan detectarse durante a actuación.

5.8. Incluír un proxecto de medidas ambientais onde se describan detalladamente as medidas para aplicar.

5.9. Detallar o proceso de depuración das augas de vertedura durante os cinco primeiros anos, de forma que a planta de depuración incorpore os equipos necesarios para obter os nivel de calidade normativos.

5.10. Incluír unha canle perimetral de recollida de augas limpas, que abarque todas as concas vertentes cara ao ámbito da canteira.



■ Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- 5.11. Incluír un proxecto detallado do sistema de drenaxe que complete os erros detectados nos documentos do proxecto.
- 5.12. Incluír un sistema perimetral de recollida das augas xeradas no interior da explotación.
- 5.13. Incluír un proxecto autorizado por Augas de Galicia onda se detalle o desvío das canles Rego de Burgos e Rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga de escorrentía interior.
- 5.14. Incluír un plan de monitoreo e control das instalacións e das augas subterráneas. Este plan deberá abrancar os 15-20 anos posteriores á clausura da canteira, para permitir a avaliaciación da eficacia do selado e desmantelado da actividade.
- 5.15. Incluír un estudo de maior profundidade sobre as medidas de seguridade que se poderían adoptar para previr o risco de falla dos muros principais das instalacións de residuos.
- 5.16. Incluír a definición detallada das medidas preventivas e correctoras asociadas ás distintas instalacións auxiliares da nova explotación.
- 5.17. Realizar o estudo de avaliaciación ambiental específico da liña de suministración eléctrica.
- 5.18. Incluír unha xustificación do emprego das mellores técnicas de proceso dispoñibles, boas prácticas ambientais, así como un programa de aforro enerxético, de consumo de auga e do consumo doutros recursos naturais.
- 5.19. Incluír unha avaliaciación paisaxística específica do depósito temporal de estériles.
- 5.20. Incluír un proxecto de abandono da explotación, onde se planifique a demolición de todos os elementos estruturais que non vaian



■ Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

prestar servizo con posterioridade ao peche da canteira, incluídas as cimentacións das instalacións.

5.21. Incluír un plan de vixilancia ambiental detallado, segundo os contidos establecidos no propio informe.

5.22. Incluír no proxecto a contía das garantías financeiras, detallando a que responde o cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballo mineiros, e a outra, que responderá o cumprimento do plan de restauración ambiental. Así mesmo, dar a coñecer cal é a constitución das mencionadas garantías (depósitos en entidades financeiras, bonos, avales etc...).

5.23. Incluír no proxecto un detallado plan de avaliación de riscos derivados das labores de explotación e especialmente da xestión dos residuos xerados pola explotación mineira, para así determinar o máis axeitadamente posible, polo órgano competente, a contía que terá que cubrir o seguro de responsabilidade civil.

5.24. Planificar dende o inicio da explotación mineira, o futuro social e económico dos concellos afectados, desenvolvendo novas actuacións de formación axeitadas que permitan unha reconversión profesional o mais doada posible; así como estratexias de diversificación económica, aproveitando os ingresos procedentes das actividades mineiras.”

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 16:40
Nº Rexistro: 30577
Data envío: 07/05/2018 16:40:47,943



■ Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/05/2018 16:36:45

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/05/2018 16:36:50

Partido dos
Socialistas
de Galicia



4.3 10/MOC-000087 (0030154)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Juan Manuel Díaz Viloslada

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar o emprego público e as condicións de traballo no sector público autonómico. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 28232, publicada no BOPG n.º 284, do 27.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 24.04.2018)

(0030154) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 13:24
Nº Rexistro: 30154
Data envío: 27/04/2018 13:24:24.793



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substantivar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 24 de abril de 2018, sobre a política do Goberno galego sobre a mellora do emprego público e das condicións de traballo no sector público autonómico (doc. núm. 28232).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego, a que no marco do *II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo*, asinado polo Goberno central cos sindicatos CCOO, UGT e CSI-F o 9 de marzo de 2018, abra un proceso de negociación colectiva na Mesa xeral de empregados públicos sobre as materias de competencia autonómica recollidas no dito Acordo para os anos 2018, 2019 e 2020, en concreto:

1º) Acordar as medidas ás que se dedicará a porcentaxe adicional da masa salarial que o Goberno galego estará autorizado a aplicar para os anos 2018, 2019 e 2020.

2º) Acordar os sectores nos que prioritariamente se poderá incrementar de forma adicional nun 8 % a taxa xeral do 100 % de reposición de efectivos para o ano 2018.

3º) Acordar a taxa adicional de estabilización de emprego temporal para o conxunto de entidades que integran o sector público autonómico, nos termos habilitados polo devandito acordo.

4º) Acordar, se proceder, respecto da xornada ordinaria común a todas as administracións públicas outras xornadas ordinarias de traballo, ben un reparto anual de xornada segundo as necesidades de cada función, tarefa ou ámbito sectorial, atendendo en especial ao tipo de xornada ou as xornadas a quendas, nocturnas ou especialmente penosas; regulándose unha bolsa de horas de libre disposición acumulables, de ata un 5 % da xornada anual, para a atención de necesidades de conciliación para o coidado de maiores, discapacitados e fillos menores, nos termos que se acorden.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2018 13:24
Nº Rexistro: 30154
Data envío: 27/04/2018 13:24:24.793



Grupo Parlamentario

5º) Acordar as retribucións en situación de incapacidade temporal que, mediante un complemento retributivo sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social ou dos réximes especiais de funcionarios públicos, acadarán o cen por cen das retribucións fixas previstas ao inicio da situación de incapacidade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6º) Impulsar de xeito decidido os plans de igualdade, conciliación e corresponsabilidade no conxunto de entidades do sector público autonómico.

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/04/2018 13:23:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/04/2018 13:23:17

(0030586) Emendas dos grupos parlamentarios


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:17
Nº Rexistro: 30586
Data envío: 07/05/2018 17:17:15.443



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Moción**, doc. núm. **30154 [10/MOC-000087]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar o emprego público e as condicións de traballo no sector público autonómico (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 28232, publicada no BOPG n.º 284, do 27.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 24.04.2018), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 8 de maio de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á xunta de Galiza a:

1. Recuperar os dereitos salariais e laborais eliminados no ámbito da función pública coa excusa da chamada "crise". E para tal fin abrir unha mesa de negociación coas organizacións sindicais.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:17
Nº Rexistro: 30586
Data envío: 07/05/2018 17:17:15.443



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
 Rúa do Hórcos, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

2. Demandar do goberno do Estado a derogación das reformas legais que impuxeron recortes salariais e laborais, así como a eliminación de postos de traballo na administración pública desde o ano 2010.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
 Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
 Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/05/2018 17:16:45

Ana Pontón Mondelo na data 07/05/2018 17:16:49



PARLAMENTO DE GALICIA

(0030610) Emendas dos grupos parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 18:07
Nº Rexistro: 30610
Data envío: 07/05/2018 18:07:11.255

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **Jacobo Moreira Ferro**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á Moción** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **10/MOC-000087 (30154)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar o **emprego público** e as condicións de traballo no sector público autonómico. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 28232, publicada no BOPG n.º 284, do 27.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 24.04.2018).

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva da Moción, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a que no marco do Acordo para a mellora do emprego público asinado entre o Ministerio de Hacienda e Función Pública e as OOSS o 29 de marzo do 2017 e o II Acordo para a mellora do emprego público e de condición de traballo, asinado polo Goberno central cos sindicatos CCOO, UGT e CSI-F o 9 de marzo de 2018 e tendo en conta os criterios da Comisión de Coordinación de Emprego Público, continúe os procesos de negociación colectiva na Mesa Xeral de empregados públicos sobre as materias de competencia autonómica recollidas no dito Acordo para os anos 2018, 2019 e 2020, de desenvolvemento tanto do II acordo estatal sinalado como de adaptación do Acordo entre a Xunta de Galicia e as OOSS: CCOO, CSI-F e UGT para o desenvolvemento do plan de estabilidade de emprego nos servizos públicos asinado o 18 de outubro de 2017 que contemple as seguintes medidas:

- 1.- Establecer as medidas ás que se dedicará a porcentaxe adicional na masa salarial que o Goberno galego estará autorizado a aplicar para os anos 2018, 2019 e 2020 dentro do marco de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.
- 2.- Determinar os sectores nos que prioritariamente se poderá incrementar de forma adicional nun 8% a taxa xeral do 100% de reposición de efectivos para o ano 2018 dentro tanto do marco de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira como das conclusóns das distintas comisións de seguimento



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 18:07
Nº Rexistro: 30610
Data envío: 07/05/2018 18:07:11.255

establecidas nesta materia entre as Organizacións Sindicais e a Xunta de Galicia.

- 3.- Establecer unha vez oídas as OOSS tanto na mesa xeral de negociación como na Comisión de Persoal a taxa adicional de estabilización de emprego temporal para o conxunto de entidades que integran o sector público autonómico, nos termos habilitados polo acordo.
- 4.- Determinar, se procede, respecto da xornada ordinaria común de trinta e sete horas e media semanais, outras xornadas ordinarias de traballo, podendo constituir ben un reparto anual de xornada segundo as necesidades de cada función, tarefa ou ámbito sectorial, atendendo en especial ao tipo de xornada ou as xornadas a quendas, nocturnas ou especialmente penosas.
- 5.- Harmonizar as retribucións dos empregados públicos en situación de incapacidade temporal, mediante un complemento retributivo que sumado á prestación do Régime Xeral da Seguridade Social ou dos réximes especiais de funcionarios públicos permita acadar ata un 100% das retribucións fixas ao inicio da incapacidade temporal segundo diferentes escenarios retributivos en función do tipo de continxencia que haxa dado lugar á incapacidade temporal ou da duración da mesma.
- 6.- Impulsar de xeito decidido os plans de igualdade, conciliación e corresponsabilidade no conxunto de entidades do sector público autonómico regulando unha bolsa de horas de libre disposición acumulables, de ata un 5% da xornada anual, para a atención de necesidades de conciliación para o coidado de maiores, discapacitados e fillos menores, nos termos que se acorden".

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/05/2018 18:05:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 18:07
Nº Rexistro: 30610
Data envío: 07/05/2018 18:07:11:255

Jacobo Moreira Ferro na data 07/05/2018 18:05:48

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



5. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

5.1 10/PNP-001439 (0019450)

Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García
Grupo Parlamentario de En Marea - Marcos Cal Ogando

Sobre a negociación pola Xunta de Galicia co Concello da Coruña e as demais partes implicadas da revisión dos convenios portuarios do ano 2004, así como os criterios de ordenación, a forma xurídica do consorcio, o financiamento e os accesos ao porto exterior e os demais apartados contidos na proposta de protocolo trasladada polo Goberno municipal da Coruña



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0019450) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2017 16:39
Nº Rexistro: 19450
Data envío: 26/10/2017 16:39:34.695



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

PRIMEIRO.- A loita que a cidadanía da Coruña, as entidades cívicas e o Goberno municipal vén sostendo estes anos, reclamando a capacidade de decidir democraticamente sobre a ordenación do borde litoral da cidade, desde os terreos da Solaina/ Hotel Finisterre ata os peiraos de Calvo Sotelo/Batería e San Diego, comeza a obter resultados significativos, cal é o recoñecemento pola Xunta e Portos do Estado/Fomento da inviabilidade e insostibilidade, urbanística e económica, da execución dos convenios do 2004 e do propio PXOM da Coruña do 2013.

Necesidade de revisión dos Convenios e do PXOM no borde litoral-portuario que hoxe ten acadado consenso entre todas as partes, o cal é un suceso claro tanto da cidadanía como do Goberno municipal da Coruña, así como de todas as forzas políticas e entidades que viñan demandando tal revisión desde hai anos.

Fronte á idea inicial e persistente do Estado, a través de Portos do Estado e da Autoridade Portuaria da Coruña (APAC), como da Xunta de Galicia, de executar as determinacións dos Convenios do 2004 e da ordenación prevista no PXOM mediante a enaxenación, previa desafectación, de terreos portuarios para, xunto á venta por poxa dos terreos patrimoniais (desafectados no 1999) dos terreos da



Solaina/Finisterre, financiar a débeda xerada pola construcción do porto exterior de Langosteira, a realidade é que tanto Portos do Estado como Xunta teñen recoñecido a necesidade de desistir de tal estratexia global.

A revisión dos convenios do 2004, a modificación do PXOM 2013 e a aposta por borde litoral público en terreos portuarios, ou que o foron no seu pasado recente, así como a garantía do interese social asociado á permanencia na titularidade pública dos mesmos, son hoxe demandas amplamente compartidas pola ciudadanía coruñesa, pola Corporación municipal, polo goberno e agora tamén, aínda que non totalmente, pola Xunta e Portos do Estado.

SEGUNDO.- Non obstante o anterior, observamos como o PP, por medio da Xunta e Portos do Estado, teñen amosado publicamente a súa intención de acordar unilateralmente, e con marxinación manifesta do concello da Coruña, as bases conveniadas e criterios de ordenación do borde litoral portuario. Así se evidenciou, e así se trasladou á opinión pública, no pasado encontro entre o presidente da Xunta e o presidente de Portos do estado do pasado 10 de outubro.

Preténdese, por simple finalidade e intencionalidade políticas, deixar ao Concello da Coruña, e polo tanto á ciudadanía coruñesa, sen capacidade de decisión e mesmo de participación sobre a futura ordenación dunha parte fundamental do seu territorio, o borde litoral portuario. E preténdese facelo sen a máis mínima transparencia, negociando e acordando sobre a cidade da Coruña sen participación da administración representativa e do seu goberno.

TERCEIRO.- O Goberno local da Coruña trasladoulle tanto a Portos do Estado como á Xunta de Galicia a súa proposta, detallada nun Protocolo no que, amais de realizar unha diagnose atinada da situación e antecedentes, se explicitan tanto os criterios xerais de ordenación como a fórmula xurídica de cooperación



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2017 16:39
Nº Rexistro: 19450
Data envío: 26/10/2017 16:39:34.695



institucional e xestión compartida (Consorcio), así como as medidas de acompañamento e derivadas de ditos criterios (financiamento, posta en valor do porto exterior coa imprescindible conexión ferroviaria, etc). E todo elo co ánimo de abrir un proceso de negociación sobre as demandas amplamente compartidas pola ciudadanía coruñesa, como se puxo de manifesto na ampla manifestación do pasado 7 de maio, e nos propios, acordos plenarios da Corporación Municipal da Coruña.

Uns criterios xerais de ordenación que se asenten na permanencia na titularidade pública dos bens portuarios (dos existentes e dos que foron desafectados no 1999), na integración porto-cidade sobre a base do interese público asociado á posta en valor do uso cidadá (equipamentos e espazos libres/zonas verdes en Batería/Calvo Sotelo, e da economía produtiva en San Diego asociada aos usos portuarios e complementarios.

Unhas medidas de financiamento da APAC e de garantía da conexión ferroviaria co porto exterior (imprescindible, e que con DIA aprobada, non conta con financiamento) que pasen pola asunción polo Estado da débeda derivada do financiamento do porto exterior e da conexión ferroviaria, e todo elo co fundamento do novo marco comunitario de financiamento e réxime dos portos e de réxime de axudas, Regulamento (UE) 2017/352 do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de febreiro de 2017, e Regulamento (UE) 2017/1084 da Comisión, de 14 de xuño, respectivamente.

Desgraciadamente, na xuntanza celebrada no Pazo de María Pita o pasado 24 de outubro, Portos do Estado negouse sequera a valorar ou negociar dito Protocolo.



CUARTO.- Ben deberían Xunta de Galicia e Portos do Estado/Ministerio de Fomento prestarse a negociar e acordar sobre a base do Protocolo formulado polo goberno local da Coruña.

A pretensión de marxinación do goberno local tamén o é da ciudadanía coruñesa. A marxinación do Goberno local tamén inclúe á da propia Corporación municipal.

Mal camiño é que para finalidades políticas, inconfesadas e inconfesables, se maquine para deixar á marxe ao goberno lexítimo da cidade da Coruña respecto do futuro do borde litoral portuario e da propia fachada marítima da cidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Primeiro- O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a negociar, co Concello da Coruña e as demais partes, a revisión dos convenios portuarios do 2004, así como os criterios de ordenación, forma xurídica do consorcio, financiamento e accesos ao porto exterior, e demais apartados contidos na proposta de Protocolo trasladado desde o Goberno da Coruña, que debe servir como base para o obxectivo de acadar os acordos conveniados e de colaboración e cooperación institucional que concreten e definan detalladamente os obxectivos básicos contidos en tal Protocolo.

Segundo- O Parlamento acorda dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Fomento, Portos do Estado e Autoridade Portuaria da Coruña e concello de Arteixo, aos efectos de demandar de ditas partes á súa participación e colaboración, no ámbito competencial que lles corresponda, no sinalado no apartado primeiro deste acordo.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2017 16:39
Nº Rexistro: 19450
Data envío: 26/10/2017 16:39:34.695



Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García,
Portavoz S. do G.P. de En Marea.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 26/10/2017 16:35:21

Marcos Cal Ogando na data 26/10/2017 16:35:36



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0030605) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:41
Nº Rexistro: 30605
Data envío: 07/05/2018 17:41:06.818

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución** á **Proposición non de lei do G. P. de En Marea num. 19450 (10/PNP 001439)**, sobre a negociación pola Xunta de Galicia co Concello da Coruña e as demais partes implicadas da revisión dos convenios portuarios do ano 2004, así como os criterios de ordenación, a forma xurídica do consorcio, o financiamento e os accesos ao porto exterior e os demais apartados contidos na proposta de protocolo trasladada polo Goberno municipal da Coruña, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 8 e 9 de maio de 2018.

Débese substituír o texto resolutivo polo seguinte:

“O Pleno do Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1) Realización das xestións oportunas para deixar sen efecto o Protocolo asinado entre Xunta de Galicia, Ministerio de Fomento, Portos do Estado e Autoridade Portuaria de A Coruña, de data 18 de abril de 2018 e, en todo caso, a non asinar o Convenio que se anexa ao mencionado Protocolo.

2) Á apertura dun proceso de negociación co Concello da Coruña, Autoridade Portuaria e Ministerio de Fomento-Portos do Estado aos efectos da revisión dos Convenios portuarios do 2004, así como dos criterios de ordenación, forma



xurídica da xestión dos terreos, financiamento e demais apartados contidos na proposta de Protocolo trasladado desde o goberno da Coruña, que debe servir como base, suxeita a negociación aberta, para o obxectivo de acadar os acordos conveniados e de colaboración, diálogo e cooperación institucional que concreten e definan detalladamente os obxectivos básicos contidos en tal Protocolo.

3) Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Fomento, Portos do Estado e Autoridade Portuaria da Coruña.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García,

Voceiro Suplente do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 07/05/2018 17:40:37



5.2 10/PNP-001737 (0024025)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouríño Villar
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Isabel Novo Fariña
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia

(0024025) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24025**

Data envío: 23/01/2018 20:22:24.537

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Paula Prado del Río, César Fernández Gil, Antonio Mouríño Villar, Isabel Novo Fariña, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de Motivos:

O 31 de xaneiro entran en funcionamento os 4 novos xulgados en Galicia que foron creados polo Ministerio de Xustiza mediante o Real decreto 902/2017 do 13 de outubro.

A inmediata posta en funcionamento o 31 de xaneiro destes 4 novos xulgados en Galicia amosa o esforzo da Xunta de Galicia coa Administración de xustiza, dada conta que tan só 15 xulgados dos creados polo Ministerio en 2017 entrarán en funcionamento na devandita data, e sendo que os restantes xulgados correspondentes a outros territorios, o farán en etapas posteriores do 2018, como reflicte a Orde JUS/1277/2017.

Se ben cómpre continuar coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia nas futuras programacións. E para adoptar as decisións oportunas, resulta imprescindible a debida coordinación entre o Goberno autonómico –responsable dunha eficaz cobertura cos medios persoais e materiais adecuados- e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que como máximos representantes do Poder Xudicial en Galicia, teñen unha ampla visión das necesidades reais, da evolución dos asuntos e de datos obxectivos e estruturais de cargas de traballo, más alá de percepcións particulares o situacións conxunturais.

Igualmente, esta demanda coincide co compromiso adquirido polo Partido Popular de Galicia no programa electoral co que acadou a confianza maioritaria dos galegos e das galegas en outubro de 2016 e no cal se comprometía a que “*Demandaremos do Ministerio de Xustiza a creación daqueles novos órganos xudiciais que a Comisión Mixta entre a Xunta de Galicia e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia estime necesarios, garantindo os medios materiais e persoais precisos para a súa creación, así como seguir a reforzar os órganos daquelas xurisdicións necesitadas de apoio*”.



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24025**

Data envío: 23/01/2018 20:22:24.537

Polo tanto, e de conformidade co anterior, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno**:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Xustiza para que continúe, con cargo á nova programación 2018, coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia, que de xeito consensuado propoña a Comisión Mixta, en atención a necesidades obxectivas e estruturais de carga de traballo e o número de unidades que lle sexan asignadas á Comunidade Autónoma”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/01/2018 20:18:29

Paula Prado Del Río na data 23/01/2018 20:18:49

César Manuel Fernández Gil na data 23/01/2018 20:19:05

Antonio Mouríño Villar na data 23/01/2018 20:19:12

Alberto Pazos Couñago na data 23/01/2018 20:19:22

María Isabel Novo Fariña na data 23/01/2018 20:19:31

María Julia Rodriguez Barreira na data 23/01/2018 20:19:40

Jacobo Moreira Ferro na data 23/01/2018 20:19:56

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
9p-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



PARLAMENTO DE GALICIA

(0030575) Emendas dos Grupos Parlamentarios

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia (10/PNP-001737, documento número 24025)

Emenda de modificación

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“1.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Xustiza para que continúe, con cargo á nova programación 2018, coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia, que de xeito consensuado propón a Comisión Mixta, en atención a necesidades obxectivas e estruturais de carga de traballo e o número de unidades que lle sexan asignadas á Comunidade Autónoma. Concretamente, a creación mencionada terá, como mínimo, o seguinte contido:

- 1) Os seguintes novos órganos xurisdicionais: prazas dun novo maxistrado nas Salas das Audiencias Provinciais de Lugo e de Pontevedra (en Vigo); dun novo Xulgado do Social en Santiago, Lugo e Vigo e dun novo Xulgado de Primeira Instancia en A Coruña.
- 2) incremento efectivo dos medios materiais e humanos dos que dispón o Ministerio Fiscal, moi especialmente os da Fiscalía contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada.
- 3) A creación de Xulgados exclusivos en Violencia contra a Muller nas 5 cidades principais de Galicia onde non existen, que son Santiago de Compostela, Ferrol, Pontevedra, Lugo e Ourense.
- 4) compromiso de investir en formación específica e permanente para todas as persoas pertencentes ás carreiras xudicial e fiscal, que garanta a adquisición de coñecementos en violencia machista



■ Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

e ofrece capacitación para a interpretación da normativa con perspectiva de xénero.

- 5) A dotación a cada un dos Xulgados con competencias exclusivas en Violencia contra a Muller dun psicólogo permanente para asistir ás vítimas, así como a posta en marcha dun acompañamento xudicial personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia machista sobre o itinerario e procedemento máis seguros no seu percorrido xudicial.
- 6) A comarcalización dos servizos do Imelga (especialmente as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Víctimas e a Policía Xudicial.
- 7) A creación dunha partida específica reservada en exclusiva a contratar xuízas e xuíces de substitución.

2.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Que cumpla, respecto da Fiscalía, a *ratio* que exige o Decreto 124/2014, de 11 de setembro.
- 2) Que apruebe una nueva partida orzamentaria para aumentar el personal del Imelga que está prestando servicios en los Xulgados de Galicia.
- 3) Que adopte medidas urgentes para que la nueva oficina judicial esté implantada en los Xulgados de las 7 ciudades gallegas y en todos los órganos cabeceras de la justicia antes de que termine el año 2018.
- 4) Que realice, en este año 2018, las reformas necesarias en las dependencias judiciales habilitando espacios independientes para evitar los cruce entre víctimas de violencia machista y agresores.”

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 16:39
Nº Rexistro: 30575**



■ Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/05/2018 16:37:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/05/2018 16:37:47

Partido dos
Socialistas
de Galicia



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0030603) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:34
Nº Rexistro: 30603
Data envío: 07/05/2018 17:34:58.974



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á **Proposición non de lei**, doc. núm. **24025 [10/PNP-001737]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 8 de maio de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a dar cumprimento aos acordos parlamentares relativos á administración de Xustiza.

Asemade, o Parlamento adopta como resolución:

Constituír un grupo de traballo que, sobre a base dos acordos parlamentares, analice as necesidades en materia de novos xulgados en Galiza, así como as medidas necesarias e as prioridades para a modernización, axilidade e eficiencia da administración de Xustiza.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:34
Nº Rexistro: 30603
Data envío: 07/05/2018 17:34:58.974



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
 Rúa do Hórcio, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/05/2018 17:34:38

Ana Pontón Mondelo na data 07/05/2018 17:34:43



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0030614) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 18:24
Nº Rexistro: 30614
Data envío: 07/05/2018 18:24:01,443

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada e voceira suplente Carmen Santos Queiruga ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei do G. P. Popular número 24025 (10/PNP 001737)**, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 8 e 9 de maio de 2018.

Emenda de substitución da parte resolutiva.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Xustiza para:

1.- Crear as seguintes unidades xudiciais:

- A. Crear 3 novos xulgados do social: 1 en Lugo, 1 en Santiago e 1 en Vigo
- B. Crear e dotar de presuposto o incremento dunha praza da Audiencia Provincial de Lugo, que non se levou a cabo por falta de consignación orzamentaria.
- C. Creación de xulgados de familia na Coruña, en Pontevedra, en Vigo, Ourense e Lugo.
- D. Crear Xulgados especializados de Violencia de Violencia sobre a Muller exclusivos e con competencia para toda a provincia, en Ourense e Lugo así como a creación dun máis con competencia comarcal para Pontevedra e arredores.



- E. Ampliar o coñecemento dos asuntos a outros xulgados, daqueles que agora mesmo se atribúen aos xulgados especializados en materia de accións individuais sobre condicións xerais incluídas nos contratos de financiamento con garantías reais inmobiliarias nos que a persoa prestataria sexa unha persoa física, para desconxestionar e axilizar a tramitación das causas.
- F. Reforzo e creación dos xulgados de instrucións penais e civís nas zonas costeiras en Vigo e na Coruña, así como en Santiago, así como os xulgados contencioso-administrativos nas 7 grandes cidades de Galicia.
- 2.- Incrementar o número de persoas na xudicatura, equiparándoo a media europea, para desconxestionar e aliviar a carga de traballo dos xulgados.
- 3.- Implantar os tribunais de instancia, tal e como reclaman a xudicatura e a fiscalía, con respecto aos principios de independencia e inmobilidade garantindo o acceso da cidadanía á xustiza.
- 4.- Consignar os recursos necesarios para a implantación xeneralizada da nova oficina xudicial.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Voceira S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 18:24
Nº Rexistro: 30614
Data envío: 07/05/2018 18:24:01.443



Carmen Santos Queiruga na data 07/05/2018 18:23:10



(0030617) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 18:27
Nº Rexistro: 30617

Data envío: 07/05/2018 18:27:03.365

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **Jacobo Moreira Ferro**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordante do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Pleno** do Grupo Parlamentario Popular, **10/PNP-001737 (24025)** sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación de **novas unidades xudiciais** en Galicia.

Emenda de adición

Débese engadir ao texto da parte resolutiva, o seguinte texto:

- 2.- “Asemade, e coa mesma vontade de garantir e mellorar o servizo de administración de Xustiza e evitar retrazos indebidos nos procedementos, o Parlamento de Galicia manifesta que, unha vez que a Xunta de Galicia ten presentado ante as organización sindicais con representación no eido xudicial unha oferta que da cumprimento aos cinco puntos do acordo parlamentario acordado sobre a Moción nº de rexistro 21265 e particularmente ao primeiro punto referido ás retribucións deste persoal, urxe proceder a unha solución inmediata do conflito a través da sinatura por parte das organización sindicais do acordo nos termos propostos pola Xunta e que coinciden co mandato unánime expresado por este Parlamento o 19 de decembro de 2017.
- 3.- Do mesmo xeito, en coerencia con ter expresado a súa firme vontade de favorecer a resolución do conflito sindical, o Parlamento de Galicia manifesta a súa enérgica condena ás actitudes amosadas por un sector sindical contra as persoas traballadoras da administración de xustiza que acudiron o pasado 27 de abril a expresar a súa libre vontade sobre a fin do conflito no eido da Xustiza”.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/05/2018 18:12:29

pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



PARLAMENTO
DE GALICIA



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 18:27
Nº Rexistro: 30617
Data envío: 07/05/2018 18:27:03.365

Jacobo Moreira Ferro na data 07/05/2018 18:12:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

5.3 10/PNP-002092 (0028878)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Dolores Toja Suárez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo respecto da posible implantación do sistema de cotas individuais transferibles e as súas implicacións para as pesqueiras multiespecíficas que operan no Cantábrico

(0028878) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 12:19
No Rexistre: 28878
Data envío: 05/04/2018 12:19:10.799



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela a través do portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O borrador do Plan de xestión do Cantábrico está a causar gran inquietude no sector. Enfróntanse dous modelos de xestión, un baseado no ben común e outro, ben distinto, que implica a especulación dun mercado aberto. Dende a Administración española preténdese seguir a segunda opción, cunha liña que en definitiva consiste en gañar máis cartos negociendo coas cotas de peixe, en lugar de coa captura das especies, trátase de Cotas Individuais Transferibles (coñecido como ITQ polas siglas en inglés). Este modelo non parece axeitado no Cantábrico, onde as pesquerías son multiespecíficas, multiartes, é dicir, poucas cantidades sobre moitas especies.

Optar por unha modelo ou outro non cabe dúbida que é unha opción ideolóxica e obedece a un xeito de gobernanza, con intereses creados encamiñados a establecer a propiedade de acceso aos recursos que determinará o futuro da pesca galega.

Dende o Grupo Socialista entendemos que a rendibilidade económica da actividade pesqueira debe basearse nunha planificación a longo prazo de xestión das distintas pesquerías que teña en consideración o criterio ambiental, que permita recuperar as poboacións de peixes, pero tamén manter a actividade económica e social, de xeito que a pesca poda cumplir co papel de estabilizador da poboación nas zonas costeiras, e supoñer unha actividade laboral que permita a sustentabilidade financeira das numerosas familias que viven da pesca.

O modelo de xestión non debe ter como obxectivo a redución de esforzo pesqueiro, e o sistema de ITQ serviría para despezar o exceso de capacidade, xa que as empresas que abandonen o sector recibirían unha recompensa económica pola venda da súa cota. Ademais podería alentar aos pescadores a traballar con maior intensidade para poder compensar o incremento de custe que supón a adquisición da cota.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 12:19
Nº Rexistro: 28878
Data envío: 05/04/2018 12:19:10.799



Grupo Parlamentario

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo un estudo que analice a posible implantación do sistema de Cotas Individuais Transferibles, e as súas implicacións para as pesquerías multiespecíficas que operan no Cantábrico.

Pazo do Parlamento, 4 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 05/04/2018 12:06:09

Julio Torrado Quintela na data 05/04/2018 12:06:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/04/2018 12:06:36



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0030602) Emendas dos Grupos Parlamentarios


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 07/05/2018 17:28
Nº Rexistro: 30602
Data envío: 07/05/2018 17:28:10.240



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada e voceira suplente Carmen Santos Queiruga ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda de adición** á **Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia númer. 28878 (10/PNP-002092)**, sobre a realización polo Goberno galego dun estudo respecto da posible implantación do sistema de cotas individuais transferibles e as súas implicacións para as pesqueiras multiespecíficas que operan no Cantábrico, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 8 e 9 de maio de 2018.

Emenda de adición:

Débese engadir un punto co seguinte texto:

“O Parlamento galego manifesta a necesidade de garantir cotas propias á flota artesanal do Cantábrico Noroeste, restrinxindo o acceso doutras flotas ás súas cotas e capturas, ademais da non aplicación das ITQ’s.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Deputada e Voceira S. do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:28
Nº Rexistro: 30602
Data envío: 07/05/2018 17:28:10.240



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 07/05/2018 17:27:33



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0030609) Emendas dos Grupos Parlamentarios



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 18:06
Nº Rexistro: 30609**

Data envío: 07/05/2018 18:06:44.818

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada **Teresa Egerique Mosquera**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Pleno**, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **10/PNP-002092 (28878)** sobre a realización polo Goberno galego dun estudo respecto da posible implantación do sistema de **cotas** individuais transferibles e as súas implicacións para as pesqueiras multiespecíficas que operan no Cantábrico.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo un estudo que analice a evolución da implantación do sistema de Cotas Individuais Transferibles, e as súas implicacións para as pesquerías multiespecíficas que operan no Cantábrico, tanto en termos de mellora de descargas como en disposición de cotas en Galicia".

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/05/2018 18:04:50

Teresa Egerique Mosquera na data 07/05/2018 18:04:58



5.4 10/PNP-002114 (0029120)

Grupo Parlamentario de En Marea - Luca Chao Pérez

Grupo Parlamentario de En Marea - María de los Ángeles Cuña Bóveda

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación salarial dos mestres e do persoal docente de Galicia

(0029120) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 11:12
Nº Rexistro: 29120
Data envío: 10/04/2018 11:12:37.960



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxelos Cuña Bóveda**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre a fenda salarial que padece o corpo docente galego.

Exposición de motivos

O seu comportamento revela o moito que lle importa a Feijóo a educación dos galegos e das galegas. Dende o ano 2009, o Presidente da Xunta non se sentou nin unha soa vez cos docentes para negociar con eles melloras das súas condicións laborais. Nin unha soa vez. A crise pasou, segundo se empeña en dicir o Partido Popular, pero a súa actitude cara a educación segue a ser a mesma: recortar e desmantelar ata que a educación pública de calidade sexa só unha borrosa lembranza do pasado.

O desleixo cara a educación do Partido Popular é particularmente grave porque as mestras e os mestres galegos son os segundos que menos cobran do Estado. Os docentes de secundaria afrontan un agravio comparativo semellante: son os terceiros con menor salario. No polo oposto atópanse os vascos e os navarros. A fenda salarial entre uns e outros é de ata 400 euros, no caso dos mestres e mestras, e de 500 euros, no caso dos docentes de secundaria. Estes últimos cobran en Galicia unha media de 2.276,1 euros, fronte aos 2.757,7 euros que cobran os vascos. Ao ano, isto supón unha diferenza de ata 6.000 euros, diferenza que supón 200.000 euros menos ao final da carreira laboral para os galegos e galegas que imparten clase nos nosos institutos.



A fenda ensánchase áinda máis se temos tamén en conta que algunas comunidades contan cunha carreira profesional retribuída e outras non. Así, existen complementos por formación permanente nalgúns territorios que non existen noutras (como os sexenios). As titorías, a coordinación do nivel ou do ciclo, a xefatura do departamento, a residencia ou a perigosidade tamén se retribúen de xeito distinto en función do lugar.

Nun momento como o actual, no que outros colectivos de funcionarios están conseguindo melloras substantivas das súas condicións de traballo, equiparando os salarios dos profesionais do conxunto do Estado, cómpre defender tamén os dereitos laborais dos mestres e docentes galegos.

Por todo o exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Equiparar o salario dos docentes e mestres galegos ao salario dos docentes e mestres mellor remunerados do resto do Estado.
- Recuperar para os docentes e mestres galegos os salarios que lles foron recortados durante a crise.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxel Cuña Bóveda

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2018 11:12
Nº Rexistro: 29120
Data envío: 10/04/2018 11:12:37.960



Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/04/2018 10:58:52

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/04/2018 10:59:00

Luis Villares Naveira na data 10/04/2018 10:59:07



(0030572) Emendas dos Grupos Parlamentarios



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación salarial dos mestres e do persoal docente de Galicia (doc. núm. 29120).

Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o primeiro parágrafo polo seguinte texto:

- Establecer un diálogo inmediato cos representantes do profesorado que permita dar unha solución ás súas demandas retributivas.

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/05/2018 14:05:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/05/2018 14:05:13

(0030589) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:19
Nº Rexistro: 30589
Data envío: 07/05/2018 17:19:42,787



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á **Proposición non de lei**, doc. núm. **29120 [10/PNP-002114]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación salarial dos mestres e do persoal docente de Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 8 de maio de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a abrir unha mesa de diálogo coas organizacións sindicais do ensino para abordar a recuperación dos dereitos laborais e salariais do profesorado galego.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:19
Nº Rexistro: 30589
Data envío: 07/05/2018 17:19:42.787



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/05/2018 13:37:05

Ana Pontón Mondelo na data 07/05/2018 13:37:10

5.6 10/PNP-002161 (0029544)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración de caducidade da concesión mineira San Rafael (núm. 2946) no concello de Touro



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0029544) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 10:41
Nº Rexistro: 29544
Data envío: 18/04/2018 10:41:04.622



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Touro mantense vixente a concesión da explotación mineira "San Rafael" (núm.2946).

Esta concesión foi concedida, conforme a legislación básica vixente de minas en 1978, por un prazo de 90 anos, para unha explotación de diversos minerais. Porén, desde o ano 1988 houbo (e ainda se mantén) un persistente e reiterado abandono da actividade mineira, deixando a empresa concesionaria os labores básicos de explotación sen sequera adoptar medidas de restauración e prevención, o que vén provocando nos últimos anos graves problemas ambientais de contaminación nos solos e nas augas da cunca do Ulla e nos acuíferos subterráneos.

Este abandono nunca foi corrixido nin penalizado pola administración mineira, malia estarmos ante o aproveitamento dun ben de dominio público, suxeito a concesión, que conleva as obrigas de explotación e restauración consonte ao Plan de Labores. A propia normativa mineira prevé que a falta de actividade mineira conleva a aplicación dun réxime sancionador administrativo, mais cando se trata dunha grave e reiterada



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórcio, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

infracción das condicións contidas no título de outorgamento da concesión, **existe causa de declaración de caducidade da concesión.**

No propio Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Touro aprobado definitivamente con data 9-02-2010, non se contempla, dentro da clasificación dos usos do solo, o uso mineiro dos terreos que ocuparon a antiga explotación. Estes aparecen como solo rústico de protección ordinaria.

A Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia, entre os principios que inspiran dita norma cítase, no seu artigo 3, a xestión sustentábel dos recursos mineiros, e como criterios orientadores do Plan Sectorial Mineiro, no artigo 12, entre outros: a harmonización da actividade extractiva co resto dos usos do solo dentro do marco da ordenación territorial, agraria e ambiental; o aproveitamento ordenado e sustentable dos recursos mineiros de maneira compatible coa protección do medio natural e co patrimonio cultural. Finalmente, tamén se asenta o criterio do "carácter temporal da explotación mineira respecto da ordenación do territorio e dos usos do solo".

É reiterada a xurisprudencia que afirma que toda concesión mineira conleva unha natureza funcional dirixida a unha finalidade relacionada co interese Público que subxace en toda utilización demanial, polo que esta clase de concesións administrativas en materia de minaría outórganse para que o concesionario use o ben de dominio público consonte o seu destino, en función ó fin que con ela se propuxo no momento da solicitude, non para mantela en situación de total abandono, pois iso implica descoñecer a función social dos bens de natureza e o interese social que toda concesión mineira comporta (Sentenza do Tribunal Supremo de 30 de xuño de 1988; Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza de 21 de decembro de 2006)



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 10:41
Nº Rexistro: 29544

Data envío: 18/04/2018 10:41:04.622



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Así, perante o incumprimento reiterado das condicións de outorgamento dos dereitos mineiros, e tamén ante a vulneración dos principios e criterios da normativa mineira galega, ao concorren causas de caducidade previstas no artigo 109,j) e 110 do Regulamento Xeral do Réxime da Minaría, hase tramitar o oportuno expediente de caducidade da concesión, ó abeiro da normativa mineira.

En base ao exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que proceda ó inicio do expediente de caducidade da concesión mineira “San Rafael” (núm. 2946) no concello de Touro e, logo dos trámites preceptivos, se declare a súa caducidade polo incumprimento reiterado das condicións de outorgamento e polos graves perigos ambientais que representa o seu actual estado para a protección das augas da cunca do Ulla e dos acuíferos subterráneos.”

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 10:41
Nº Rexistro: 29544
Data envío: 18/04/2018 10:41:04.622



OFICINA PARLAMENTAR
 Parlamento de Galicia
 Rúa do Hórcio, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/04/2018 10:38:30

María Montserrat Prado Cores na data 18/04/2018 10:38:36

Ana Pontón Mondelo na data 18/04/2018 10:38:39

Olalla Rodil Fernández na data 18/04/2018 10:38:41

Noa Presas Bergantiños na data 18/04/2018 10:38:43

Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2018 10:38:44

(0030576) Emendas dos Grupos Parlamentarios

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Alvarez**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración de caducidade da concesión mineira San Rafael (nºm. 2946) no concello de Touro (10/PNP-002161, documento número 29544)

Emenda de modificación

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver de maneira inmediata un plan de vixilancia e control específico, tanto de explotación como medioambiental, da concesión mineira *San Rafael* (nº 2946) nos concellos de Touro e O Pino, conforme ao desenvolvemento do Título VI de disciplina mineira da Lei 3/2008 de Ordenación da Minería de Galicia.
2. Presentar no prazo de seis meses, o Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galicia, tal e como se recolle no artigo 11 da Lei 3/2008 de Ordenación da Minería de Galicia.”

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 16:40
Nº Rexistro: 30576

Data envío: 07/05/2018 16:40:30.630



■ Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/05/2018 16:37:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/05/2018 16:37:14

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5.7 10/PNP-002167 (0029632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre a convocatoria polo Goberno galego, o máis axiña posible, da Comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área Metropolitana de Vigo, e a inclusión na súa orde do día da solicitude do Concello de Gondomar para a súa incorporación a ese tipo de transporte

(0029632) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

O 2 de febreiro de 2017 o Pleno do Concello de Gondomar aprobou a integración de Gondomar no *Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galiza na área de trasporte metropolitano de Vigo*. Tamén nesa data, aprobou a consignación económica correspondente. Posteriormente trasladou á Consellería a documentación correspondente, tendo a día de hoxe todo o trámite necesario para súa inclusión no citado Convenio.

Mais a día de hoxe o Goberno da Xunta está a impedir que a integración sexa efectiva xa que áinda non convocou a Comisión de Seguimento do devandito Convenio na que se poida incluír o noso concello, membro nato da Área Metropolitana de Vigo. Dita comisión non se convoca desde abril de 2017, incumprindo así a cláusula 4.3.- *Operatividade* na que se indica que “a comisión reunirse cunha periodicidade cando menos semestral”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Convocar, á maior brevidade posible, a Comisión de Seguimento do *Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galiza na área de trasporte metropolitano de Vigo* -que non se reúne desde o 7 de abril de 2017, incumprindo así a cláusula 4.3.-*Operatividade* na que se indica que “*a comisión reunirse cunha periodicidade cando menos semestral*”.

2.- Incluír na orde do día, para que poida ser tratada e aprobada, a solicitude do Concello de Gondomar para se incorporar ao transporte metropolitano, de xeito que a súa veciñanza poida dispoñer da tarxeta metropolitana e beneficiarse dos descontos no importe dos billetes, co conseguinte aforro nos gastos de desprazamento.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantíños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 10:42
Nº Rexistro: 29632
Data envío: 19/04/2018 10:42:16.164



OFICINA PARLAMENTAR
 Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórcio, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 10:33:39

María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 10:33:45

Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 10:33:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 10:33:48

Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 10:33:49

Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 10:33:51



(0030583) Emendas dos Grupos Parlamentarios


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:13
Nº Rexistro: 30583
Data envío: 07/05/2018 17:13:40.318



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á **Proposición non de lei**, doc. núm. **29632 [10/PNP-002167]**, do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, sobre a convocatoria polo Goberno galego, o máis axiña posible, da Comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área Metropolitana de Vigo, e a inclusión na súa orde do día da solicitude do Concello de Gondomar para a súa incorporación a ese tipo de transporte, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 8 de maio de 2018.

Emenda de adición

Engadir un novo punto:

“3. Negociar co Concello de Vigo a súa integración efectiva no transporte metropolitano, superando a actual estratexia mutua de confrontación.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:13
Nº Rexistro: 30583
Data envío: 07/05/2018 17:13:40.318



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/05/2018 16:39:14

Ana Pontón Mondelo na data 07/05/2018 16:39:20



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0030606) Emendas dos Grupos Parlamentarios


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:43
Nº Rexistro: 30606
Data envío: 07/05/2018 17:43:06.099



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 29632, do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, sobre a convocatoria polo Goberno galego, o máis axiña posible, da Comisión de Seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área Metropolitana de Vigo, e a inclusión na súa orde do día da solicitude do Concello de Gondomar para a súa incorporación a ese tipo de transporte, incluída na orde do día da sesión plenaria do 8 de maio de 2018. (10/PNP-002167).

EMENDA DE ADICIÓN

Débese engadir á parte resolutiva un novo punto co seguinte texto:

“ 3.-Mellorar o servizo das liñas de autobuses que operan en Gondomar, como veñen demandando as usuarias, como é a conexión entre a estación de autobuses de Gondomar e de Vigo, garantindo unhas frecuencias e paradas axeitadas ás necesidades da ciudadanía.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:43
Nº Rexistro: 30606
Data envío: 07/05/2018 17:43:06.099



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 07/05/2018 17:42:23

Luis Villares Naveira na data 07/05/2018 17:42:29



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0030616) Emendas dos Grupos Parlamentarios

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Raúl Fernández Fernández, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a convocatoria polo Goberno galego, o máis axiña posible, da Comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área Metropolitana de Vigo, e a inclusión na súa orde do día da solicitude do Concello de Gondomar para a súa incorporación a ese tipo de transporte (10/PNP-002167, documento número 29632)

Emenda de modificación

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que retire o recurso contencioso-administrativo que presentou contra a Área Metropolitana de Vigo, e que no ámbito das competencias da mesma se desenvolva o sistema de transporte metropolitano de Vigo que a propia área decida”.

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 07/05/2018 18:25:02



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 18:25
No Rexistre: 30616



■ Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/05/2018 18:25:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia



5.8 10/PNP-002197 (0029902)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Pedro Puy Fraga
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Isabel Novo Fariña

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de integración europea, así como os principios que deben inspirar a acción exterior e as demandas da Xunta de Galicia ante as institucións europeas ao respecto. (Procedemento de urxencia)

(0029902) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 18:01
Nº Rexistro: 29902**

Data envío: 23/04/2018 18:01:22.845

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, Pedro Puy Fraga, Paula Prado del Río, Jacobo Moreira Ferro, César Fernández Gil, Aurelio Núñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Isabel Novo Fariña, ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre este tema.

Exposición de motivos

A adhesión de España ás Comunidades Europeas o 1 de xaneiro de 1986 rematou co illamento do noso país na vida institucional do noso continente. Sen dúbida pode afirmarse que, xunto coa aprobación da nosa vixente Constitución e coa promulgación do noso primeiro Estatuto de Autonomía, a Acta de Adhesión de España ás devanditas Comunidades Europeas, conforma un dos piares do período de paz e prosperidade máis longo e vizoso da nosa historia contemporánea.

Dende aquela, Galicia medrou, mellorou e se modernizou en todos os parámetros socioeconómicos, como nunca antes nun lapso temporal tan breve. Na esperanza de vida dos galegos, no nivel de formación da nosa mocidade, no PIB, na renda per cápita, no capital social fixo acumulado ou na sensibilización medioambiental, os estímulos financeiros pero tamén normativos da Unión Europea foron determinantes para nós.



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 18:01
Nº Rexistro: 29902**

Data envío: 23/04/2018 18:01:22.845

E é por iso que apoiamos a preservación da cohesión económica, social e territorial europea, como mostra do espírito de fraternidade cotiá da nosa Unión. Sen estes estímulos mesmo a rápida construcción da Eurorrexión luso-galaica tería sido extremadamente difícil.

Agora a Unión Europea atópase perante dunha encrucillada cunha natureza moi distinta ás das que foi superando ao longo da súa curta existencia. Por vez primeira un Estado da Unión vai abandonala, cadrando coa proliferación de correntes xenófobas e populistas, que combaten o nobre ideal do irmandomento europeo de fraternidade que asumiron os pais fundadores da Unión.

Neste entorno, o mantemento da construcción europea precisa de azos anovados para seguir construíndo unha Unión integrada, que manteña o cerne do modelo social europeo, en defensa dos seus principios, obxectivos e valores de respecto á dignidade humana, liberdade, democracia, Estado de Dereito e respecto dos Dereitos Humanos. Estes valores son comúns aos Estados membros nunha sociedade caracterizada polo pluralismo, a non discriminación, a tolerancia, a xustiza, a solidariedade e a igualdade entre homes e mulleres. Porque a meirande ameaza á Unión Europea non procede do exterior senón das tensións internas, dos egoísmos nacionalistas, da desunión e do pensar cativeiro. Desafíos e retos como o cambio climático, a loita universal polos inalienables dereitos das mulleres e as nenas, das minorías, das persoas con diversidade funcional e das persoas con diversa orientación sexual e afectiva, entre outros colectivos historicamente preteridos, esixen tamén unha maior e mellor integración europea.

Por todo isto o Grupo parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galicia

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 18:01
Nº Rexistro: 29902**

Data envío: 23/04/2018 18:01:22.845

1- Acorda proclamar o seu decidido apoio ao proceso de integración europea, para culminar axiña unha Unión máis estreita, un mercado interior tan eficiente como equitativo e xusto e unhas Institucións que enchan plenamente de contido a divisa de "Unida na diversidade", que sintetiza o cerne da nosa Unión.

2- Nese sentido, insta á Xunta de Galicia a desenvolver a súa acción exterior e as súas demandas ante as institucións europeas a través dos seguintes principios:

- Reforzar o principio de confianza mutua e cooperación leal entre os Estados membros que componen a Unión Europea, en todos os eidos e todos os ámbitos. Estes principios vinculan inexorablemente a todos os poderes públicos de todos os Estados membros e son indispensables para garantir de xeito efectivo os dereitos, liberdades e principios enunciados na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Manifestar a necesidade de vigorizar a diversidade cultural e lingüística europea, igualmente amparada no artigo 3 do Tratado da Unión e no 165 e 167 do seu Tratado de funcionamento.
- Intensificar a cohesión económica, social e territorial inserida nos artigos 174 e concordantes deste último Tratado, en especial no que atinxe ao mantemento das políticas de cohesión, ao reforzo das políticas de cooperación transfronteiriza e ao impulso das conexións ferroviarias.
- Afondar na subsidiariedade, pensando en especial nas rexións, estados federados e comunidades con competencias legislativas, que debe materializarse en novos pulos ao Comité das Rexións, elevando as súas competencias, mellorando a súa interlocución co Parlamento Europeo, co Consello e coa Comisión Europea, dotándoo de plena lexitimación perante o Tribunal de Xustiza, e todo en liña co plasmado na vixente Estratexia Galega de Acción Exterior.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 18:01
Nº Rexistro: 29902**

Data envío: 23/04/2018 18:01:22.845

- Reclamar unha mellor arquitectura da Unión Económica e Monetaria, que permita afrontar coa debida seguridade hipotéticas crises futuras e actuar proactivamente para defender os dereitos sociais dos nosos cidadáns, con iniciativas como a cofinanciación dos seguros de desemprego e a verdadeira europeización da formación profesional e da educación en xeral das novas xeracións, nun mercado interior idéntico en esencia a calquera mercado nacional”.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/04/2018 17:51:42

Paula Prado Del Río na data 23/04/2018 17:51:54

Jacobo Moreira Ferro na data 23/04/2018 17:52:12

César Manuel Fernández Gil na data 23/04/2018 17:52:32

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 23/04/2018 17:52:39

Alberto Pazos Couñago na data 23/04/2018 17:52:46

María Julia Rodriguez Barreira na data 23/04/2018 17:53:02

María Isabel Novo Fariña na data 23/04/2018 17:53:17

Antonio Mouríño Villar na data 23/04/2018 17:54:03

María Guadalupe Murillo Solís na data 23/04/2018 17:54:42

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 18:01
Nº Rexistro: 29902
Data envío: 23/04/2018 18:01:22.845

Cristina Isabel Romero Fernández na data 23/04/2018 17:54:50

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 23/04/2018 17:54:57

José González Vázquez na data 23/04/2018 17:55:12

Gonzalo Trenor López na data 23/04/2018 17:55:27

Sandra Vázquez Domínguez na data 23/04/2018 17:55:54

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0030607) Emendas dos Grupos Parlamentarios


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:58
Nº Rexistro: 30607
Data envío: 07/05/2018 17:58:35.146



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro Luís Villares Naveira ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **emendas á Proposición non de lei do G. P. Popular número 29902 (10/PNP 002197)**, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de integración europea, así como os principios que deben inspirar a acción exterior e as demandas da Xunta de Galicia ante as institucións europeas ao respecto, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 8 e 9 de maio de 2018.

Emenda número 1 de substitución do punto 1.

Débese substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

“1- Acorda proclamar o seu decidido apoio ao proceso de integración europea, para culminar axiña unha Unión máis estreita, baseada no benestar do conxunto da poboación, no exercicio pleno dos dereitos civís e políticos de cidadanía, na xustiza social e singularmente con pleno control democrático das decisións económicas que afectan á vida das persoas, impedindo que no futuro grupos informais e sen control democrático directo da cidadanía como a denominada Troika (formada polo BCE, FMI e CE) podan condicionar ou suprimir a efectividade dos dereitos recoñecidos na lexislación estatal e comunitaria. O pleno respecto a estes principios deberá ser acompañado dun mercado interior tan eficiente como equitativo e xusto e unhas Institucións que enchan plenamente de contido a divisa de “Unida na diversidade”, que sintetiza o cerne da nosa Unión.”



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:58
Nº Rexistro: 30607
Data envío: 07/05/2018 17:58:35.146



Emenda número 2 de adición no punto 2.

Débese engadir no punto 2.- o seguinte texto:

“2.- Nese sentido, insta á Xunta de Galicia a desenvolver a súa acción exterior e as súas demandas ante as institucións europeas a través dos seguintes principios:

- Reforzar o principio de confianza mutua e cooperación leal entre os Estados membros que componen a Unión Europea, en todos os eidos e todos os ámbitos. Estes principios vinculan inexorablemente a todos os poderes públicos de todos os Estados membros e son indispensables para garantir de xeito efectivo os dereitos, liberdades e principios enunciados na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Manifestar a necesidade de vigorizar a diversidade cultural e lingüística europea, igualmente amparada no artigo 3 do Tratado da Unión e no 165 e 167 do seu Tratado de funcionamento.
- Intensificar a cohesión económica, social e territorial inserida nos artigos 174 e concordantes deste último Tratado, en especial no que atinxe ao mantemento das políticas de cohesión, ao reforzo das políticas de cooperación transfronteiriza e ao impulso das conexións ferroviarias.
- En coerencia cos principios anteriores, rexeitar as prioridades orzamentarias avanzadas pola Comisión europea de incremento do gasto militar e de control de fronteiras exteriores mediante convenios que non respectan os dereitos fundamentais de forma sistemática, como é o caso de Turquía. Pola contra, apostamos polo incremento da cooperación para o desenvolvemento e unha política de asilo político e refuxio mediante a garantía de vías de entrada seguras a Europa, que eviten así a morte masiva de persoas que tratan de chegar ás costas europeas para salvaren as súas vidas dunha morte segura en conflitos armados.



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:58
Nº Rexistro: 30607
Data envío: 07/05/2018 17:58:35.146



- Igualmente, instar o desenvolvemento de políticas que aseguren unha política agraria común sostible social e ambientalmente e que manteñan a porcentaxe de orzamento no conxunto da UE que se viña realizando ata agora;
- Afondar na subsidiariedade, pensando en especial nas rexións, estados federados e comunidades con competencias lexislativas, que debe materializarse en novos pulos ao Comité das Rexións, elevando as súas competencias, mellorando a súa interlocución co Parlamento Europeo, co Consello e coa Comisión Europea, dotándoo de plena lexitimación perante o Tribunal de Xustiza, e todo en liña co plasmado na vixente Estratexia Galega de Acción Exterior
- Garantir, fronte as institucións europeas e españolas, unha defensa firme do protagonismo das rexións nas políticas de desenvolvemento e cohesión territorial, singularmente no deseño da nova PAC;
- Reclamar unha mellor arquitectura da Unión Económica e Monetaria, que permita afrontar coa debida seguridade hipotéticas crises futuras e actuar proactivamente para defender os dereitos sociais dos nosos cidadáns, con iniciativas como a cofinanciación dos seguros de desemprego e a verdadeira europeización da formación profesional e da educación en xeral das novas xeracións, nun mercado interior idéntico en esencia a calquera mercado nacional;
- Asegurar políticas públicas que eviten a emigración interior masiva de rexións e países como Galicia, que ocasiona unha implosión socioeconómica e demográfica, mediante políticas activas de desenvolvemento endóxeno que fixen poboación e revertan a situación actual de implosión demográfica.”

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018.



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:58
Nº Rexistro: 30607
Data envío: 07/05/2018 17:58:35.146



Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 07/05/2018 17:58:04



PARLAMENTO DE GALICIA

(0030611) Emendas dos Grupos Parlamentarios

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de integración europea, así como os principios que deben inspirar a acción exterior e as demandas da Xunta de Galicia ante as institucións europeas ao respecto (10/PNP-002197, documento número 29902)

Emenda de adición

Débese engadir no punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte contido:

“Este decidido apoio ao proceso de integración europea considera prioritario o piar europeo de dereitos sociais, aprobado conciuentemente polo Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión o pasado 17 de novembro de 2017 durante o Cumio Social en favor do emprego xusto e o crecemento celebrado en Gotemburgo, Suecia, outorgándolle á cidadanía novos dereitos sociais e máis efectivos, nos tres seguintes eixos:

- A igualdade de oportunidades e de acceso ao mercado de traballo.
- Condicóns de traballo xustas.
- A protección e inclusión social.

Galicia reivindica o Proxecto Europeo como modelo de integración social, económica, xurídica e democrática, que salvagardando as identidades propias de cada territorio, busca de forma decidida impulsar un modelo de convivencia pacífica, solidaria, próspera e en igualdade, contraria aos modelos de sociedade individualista, especulativa e xenófoba. Europa precisa reconstruír un modelo social tronzado pola Gran Recesión; Galicia, en Europa, aposta por restaurar un novo



PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 18:14
Nº Rexistro: 30611
Data envío: 07/05/2018 18:14:01.834



Grupo Parlamentario

contrato social, onde o desenvolvimento económico teña como eixe principal unha sociedade plural e sen as desigualdades actuais.”

Emenda de adición

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Débese engadir os seguintes parágrafos no punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedarán redactados cos seguintes contidos:

“- Facer fincapé na urgente necesidade de redefinir o modelo fiscal europeo para limitar a competencia desleal entre Estados membros, reforzando a normativa para unha estrita loita contra a evasión, a elusión fiscal e o blanqueo de capitais, tanto a nivel da Unión como nacional, nun contexto de necesaria actuación global. Os indicadores de “Bo goberno fiscal” deben integrar a axenda europea.

A cooperación transfronteiriza en materia de IVE e a harmonización fiscal das bases tributarias do imposto de sociedades deben de contribuír a esta nova política fiscal europea, que esixe unha maior transparencia por parte de todos os axentes, públicos e privados, que interveñen nas transaccións financeiras.

- Despregar toda a acción política precisa para que Galicia, no vindeiro Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 que ven de propoñer a Comisión Europea, non perda peso nas políticas de agricultura e pesca (axudas da PAC) nin nos fondos de cohesión, apostando por un maior incremento do orzamento comunitario que tamén aposte polos mozos e mozas, os programas de investigación e desenvolvemento, a loita contra o cambio climático e a solidariedade en materia migratoria.”

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2018

Asdo.: Juan Manuel Díaz Viloslada
 Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
 Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 18:14
No Rexistre: 30611
Data envío: 07/05/2018 18:14:01.834



■ Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Viloslada na data 07/05/2018 17:15:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/05/2018 17:16:08



PARLAMENTO
DE GALICIA